



Concello de Xove

Expediente núm.: 495/2021

Procedemento: SELECCIÓN DE PERSOAL TEMPORAL. 2 PRAZAS DE ALBANEIS.

DOCUMENTO: APROBACIÓN LISTA ADMITIDOS/EXCLUIDOS E CONVOCATORIA PRBAS

**DOCUMENTO ASINADO POR: ALCALDE e SECRETARIO
RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

D. JOSÉ DEMETRIO SALGUEIRO RAPA, Alcalde Presidente do Concello de Xove;

VISTA a certificación expedida polo Secretario Municipal obrante no expediente acreditativa dos candidatos presentados ao concurso-oposición convocado mediante Anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo nº 137 de data 18 de xuño de 2021 para a provisión de 2 prazas de Informador Turístico para a Oficina de Información e Turismo de Xove na temporada de verán.

Revisada a documentación aportada en cada una das solicitudes de participación presentada.

En cumprimento do disposto nas Bases 9 e 10 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de data 14 de xuño de 2021.

No uso das competencias que me otorga o art. 21 da lei 7/1985, do 2 de abril.

Pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar a Lista Provisional de Admitidos e Excluídos no procedemento selectivo de razón que a seguir se transcribe:

ADMITIDOS/AS:

1. Manuel Pena Campo
2. José Luis Villarquide Gómez
3. Juan Rubal Díaz
4. Saúl Martínez Rodríguez
5. Iker Peña Alonso

EXCLUÍDOS/AS

NINGÚN/NINGUNHA

Como quera que non hai ningún/ninguna participante excluída a presente lista provisional enténdese automaticamente elevada a definitiva.

Tal e como sinala a citada Base 9 no seu último párrafo, o feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos





Concello de Xove

decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

SEGUNDO.- Ordear a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello e na súa páxina web ós efectos do disposto na citada Base 9 (Recursos contra a Lista Definitiva).

TENDO EN CONTA o disposto na Base 10 das reguladoras do citado procedemento de selección aprobadas por Resolución de Alcaldía de 14 de xuño de 2021.

No uso das competencias que me otorga o artigo 21.1.g) da lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local,

RESOLVO,

TERCEIRO.- Proceder a designación dos membros do Tribunal de Selección:

Presidente Titular: D. Alberto Rapa Martínez (Encargado do Negociado de Recursos Humanos).

Vocais:

D. Máximo M. López Canoura, Encargado de Mantemento. Suplente: D. Andrés García Piñeiro, Encargado do Servizo de Pintura.

D. José M. Rodríguez Rouco, Encargado da Brigada Municipal de Obras; suplente: D. José Cociña Quelle.

Dña. Elena Santos Rey, Interventora Municipal; suplente: D. Manuel Peteira González.

Secretario: D. Luis M^a Fernández del Olmo, Secretario Municipal; suplente: D. Pablo Sánchez Lage.

CUARTO.- A celebración das probas da Fase de Oposición terá lugar ás **11:30 horas do día 14 de xullo de 2021, mércores, na Aula de Formación do Concello de Xove** debendo os participantes comparecer no lugar designadao 30 minutos antes, ás 11:00 horas, do inicio das probas provistos do DNI e de bolígrafo/s non permitíndose a utilización de ninguna outra clase de material durante a celebración das probas.

Tamén será obrigatorio, por razóns do COVID-19, ir provisto de mascarilla de protección.

Cinco minutos antes do inicio das probas efectuarase un último chamamento. Aqueles participantes que non estiveran presentes quedarán automática e irrevocablemente excluídos.

QUINTO.- Notifíquese a presente Resolución que serve de citación ao Tribunal e aos aspirantes consonte sinala a citada Base 11 mediante a súa publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do Concello de Xove.

SEXTO.- Contra a presente Resolución os interesados poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da Alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica





Concello de Xove

ou recurso contencioso-administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de realizar calquera outro que estime pertinente.

Mando e asinoo

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

